

ORDE do 24 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co Instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2022, e se convocan para o ano 2025. Consellería do Medio Rural. (DOG N° 148, 05/08/2025)

OBXECTO.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo no marco do PDR de Galicia 2014-2022, financiadas co Instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), cunha participación do 100 % de fondos da UE, dentro da medida 4 Investimentos en activos físicos, submedida 4.18 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, así como convocalas para o ano 2025.

Esta axuda ten como finalidade:

- a) Promover a utilización de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo.
- b) Fomentar a introdución de novas tecnoloxías no emprego de maquinaria e equipamentos.
- c) Racionalizar os custos de mecanización, incrementar os mecanismos de seguranza no traballo, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no medio rural.

BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde:

- Cooperativas agrarias.
- Cooperativas de utilización de maquinaria en común (CUMA).
- Cooperativas de explotación comunitaria da terra de 5 ou menos anos de antigüidade.
- SAT procedente de fusión de polo menos dúas explotacións, nos últimos 5 anos naturais

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES.

1. Os investimentos subvencionables son os seguintes:

- a) Maquinaria agrícola.
- b) Estudos técnico-económicos de viabilidade.

2. Non se subvencionarán:

- a) A mera reposición ou adquisición de maquinaria de segunda man ou usada.

- b) Non se considerarán subvencionables o IVE e outros impostos.
- c) Os investimentos en maquinaria ou equipamentos relacionados coa transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais, nin máquinas de pequena significación para os efectos do conxunto dos socios da agrupación.
- d) A maquinaria e os equipamentos de carácter forestal.
- e) Colleitoras de forraxes cun uso previsto menor de 500 horas anuais.
- f) A maquinaria de aplicación de xurro mediante sistemas de prato, abano ou canóns.

3.- En aplicación da moderación de custos, **fixase en 1.000 € o custo elixible para os estudos técnicos-económicos de viabilidade.**

4. Establécese un **investimento elixible mínimo de 20.000 €** para poder ser subvencionable. O **volume total do investimento elixible máximo** subvencionable para cada beneficiario será de **600.000 €**

COMEZO DA SUBVENCIONABILIDADE

Serán **subvencionables os gastos efectuados con posterioridade á presentación da solicitude da axuda** en tempo e forma tras a correspondente convocatoria pública, tendo en conta que a simple presentación da solicitude en ningún modo garante a súa aprobación.

CONTIA ECONOMICA DAS AXUDAS

O importe da axuda **será do 35 % dos custos elixibles**, que poderá incrementarse ata un **máximo do 50 %** en función da aplicación dos seguintes criterios:

1. **5 % no caso** de investimentos en **zonas con limitacións naturais** ou outras limitacións específicas recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013.
2. **10% no caso de investimentos colectivos**, cando o beneficiario procede dunha fusión.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DE OPERACIÓNS

1. **Ordenarase as solicitudes presentadas de acordo cos criterios de prioridade** indicados neste artigo e aprobaranse os proxectos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible.

Critério	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
1. Tipoloxía da entidade solicitante	Cooperativa agraria con sección/servizo de maquinaria	Solicitude	Inscripción no rexistro	5 puntos
	Cooperativa de utilización de maquinaria en común CUMA	Solicitude	Inscripción no rexistro	4 puntos
	SAT procedente de fusión ou cooperativa comunitaria de terra	Solicitude	Inscripción no rexistro	3 puntos
2. Valor contable do parque de maquinaria	≥ 2.000.000 €	Solicitude		3 puntos
	< 2.000.000 e ≥ 1.000.000 €	Solicitude		2 puntos
	< 1.000.000 e > 500.000 €	Solicitude		1 punto
3. Facturación media dos socios nos tres anos previos	≥ 1.000.000 €	Balance e conta de resultados		3 puntos
	< 1.000.000 e ≥ 500.000 €	Balance e conta de resultados		2 puntos
	< 500.000 e > 100.000 €	Balance e conta de resultados		1 puntos
4. Porcentaxe de mulleres que integren o consello reitor da entidade solicitante	≥ 50 %	Solicitude		2 puntos
	< 50 % e ≥ 40 %	Solicitude		1 punto
5. Investimentos en proxectos innovadores		Solicitude		1 punto
6. Investimentos en proxecto de cooperación		Solicitude		1 punto

3. En caso de igualdade na aplicación do baremo **terán prioridade as entidades solicitantes, con investimentos en proxectos innovadores**, seguido dos investimentos en proxectos de cooperación. Se aínda persiste o empate, priorizarase segundo a orde dos criterios de selección.

4. As solicitudes **cunha puntuación inferior a 5 puntos non serán subvencionables** por non alcanzar os criterios de priorización mínimos.

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O prazo de execución e xustificación destas axudas rematará o **15 de novembro de 2025**.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo xeral para a presentación de solicitudes irá dende o **6 de agosto ata o 5 de setembro de 2025**.